

SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DOS CENTROS (GRAOS E MÁSTERS)

PROCEDEMENTO

Revisión do Sistema pola Dirección

CÓDIGO DE-03 ÍNDICE 05

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Área de Calidade	Comisión de Calidade	Xunta de centro
Data e sinatura 05/12/2024	Data e sinatura	Data e sinatura

Proceso

Dirección estratéxica.

Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	ELABORACIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
00	15/05/2008	Área de Calidade	Creación do procedemento PM-01 (documentación marco) « Medición, análise e mellora » do SGIC dos centros.
00	17/06/2010	Unidade de Estudos e Programas	Creación do procedemento MC10-PR01 « Revisión pola dirección » do sistema de calidade do ámbito de xestión.
01-03	2008-2011	Comisións de garantía de calidade dos centros	Intervalo de modificacións realizadas polos centros, no ámbito dos seus SGIC, baseadas fundamentalmente nas recomendacións establecidas nos informes de avaliación dos sistemas de calidade remitidos desde a ACSUG.
04	03/11/2014	Raquel Gandón e José Miguel Dorribo (Área de Apoio á Docencia e Calidade)	<p>Evolución completa do procedemento: nova codificación, trama de redacción e estrutura; novos contidos. Integra e substitúe o procedemento:</p> <ul style="list-style-type: none"> MC10-PR01 « Revisión pola dirección » do sistema de calidade no ámbito de xestión. <p>Modificación do título e do código: pasa de PM-01 a DE-03 P1 «Revisión do sistema pola dirección».</p> <p>Consideración dos informes finais da auditoría de certificación da implantación do sistema de garantía de calidade da convocatoria 2013/2014 no relativo á definición e ao seguimento dos obxectivos de calidade dos centros.</p>
05	05/12/2024	Área de Calidade	<p>Actualización do procedemento para adaptalo á nova normativa, á nova organización académica e aplicacións informáticas.</p> <p>Eliminación do ámbito de xestión.</p>

Índice

I OBXECTO	4
II ALCANCE	4
III REFERENCIAS.....	4
IV DESENVOLVEMENTO	5
V ANEXOS	8

I OBXECTO

Establecer a sistemática para analizar que o desenvolvemento do sistema de calidade do centro está realizándose dun xeito eficaz e adecuado e, de ser o caso, establecer accións de mellora oportunas, polo equipo decanal ou directivo do centro.

Este proceso permite a revisión e, se procede, a actualización da política e dos obxectivos de calidade do centro e das titulacións.

II ALCANCE

Este procedemento aplícase ao sistema de calidade do centro e das súas titulacións.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

A lexislación e a normativa xeral que afecta ao SGC dos centros está descrita no *Manual de calidade*. A lexislación que non está no Manual é a seguinte:

Lexislación

- Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario.
- Real decreto 640/2021, do 27 de xullo, de creación recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios e acreditación institucional de centros universitarios.
- Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

Outros documentos de referencia:

- Universidade de Vigo:
 - Plan estratéxico da Universidade de Vigo 2021-2026.
 - Plan operativo de Xestión da Universidade de Vigo.

III.2. Definicións

- **Alta dirección:** persoa ou grupos de persoas que dirixen e controlan unha organización ao máis alto nivel (UNE-EN ISO 9000).
- **Eficacia:** grao en que se realizan as actividades programadas e se alcanzan os resultados planificados (UNE-EN ISO 9000).
- **Estratexia:** plan para acadar un obxectivo (UNE-EN ISO 9000:2015).
- **Comisións de titulación:** comisións con responsabilidade no desenvolvemento da titulación (comisións académicas da titulación, de docencia, de coordinación de títulos impartidos en varios centros...). (Directrices xerais para o seguimento de títulos oficiais de grao e mestrado da Universidade de Vigo).
- **Indicador:** datos ou conxunto de datos que axudan a medir obxectivamente a evolución dun proceso ou dunha actividade. (UNE 66175).
- **Metas:** resultados desexados ou previstos que deben alcanzar os indicadores.
Nota: son un valor obxectivo e programado temporalmente que, na implantación da estratexia, mediante a súa comparación co seu resultado real, nos indica o grao de cumprimento dos obxectivos operativos e estratéxicos (Plan operativo de xestión da Universidade de Vigo).
- **Revisión:** acción emprendida para asegurar a conveniencia, adecuación e eficacia do tema obxecto de revisión, para alcanzar uns obxectivos establecidos (Norma UNE-EN ISO 9000).

III.3. Abreviaturas e siglas

- ACSUG: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- ANECA: Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.
- PDI: Persoal Docente e Investigador.
- PTXAS: Persoal Técnico de Xestión de Administración e Servizos.
- POX: Plan Operativo de Xestión.
- QSP: Queixas, Suxestións e Parabéns.
- RD: Real Decreto.
- RR: Resolución Reitoral.
- SGIC: Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- SIIU: Sistema Integrado de Información Universitaria.
- UAP: Unidade de Análises e Programas.

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Finalidade do proceso

Asegurar a mellora continua e verificar a adecuación e a eficacia do sistema de garantía interna de calidade dos centros e titulacións.

IV.2. Responsable do proceso


- Decanato ou Dirección do Centro.

IV.3. Indicadores

Para a medición dos resultados asociados a este procedemento terase en conta o panel de indicadores centralizado segundo o establecido no procedemento “*DE-02 Seguimento e Medición*”.

A descrición e o modo de cálculo destes indicadores están definidos no catálogo de indicadores, dispoñible no portal de transparencia da Universidade de Vigo.

IV.4. Diagrama de fluxo



V ANEXOS

Documentos

Anexo 1: Informe de revisión do sistema pola dirección (informe de resultados anuais do centro).

Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable da custodia (órgano/posto)	Duración
Código	Denominación				
R1 DE-03	Informe de revisión do sistema pola dirección	Electrónico	Aplicación do SGC- Páxina web do centro	Coordinador/a de Calidade do Centro	6 anos